

Vinte e cinco anos da A.VV. O Castro de Chandebrito

CARLOS G. COSTAS

Dende hai uns 40 anos as asociacións veciñais foron un punto de encontro no que se loitou pola conquista das liberdades primeiro na dictadura, despois na transición e agora nesta democracia votada e non participada.

Os seus dirixentes somos persoas do barrio que sacando tempo doutras ocupacións e sen ánimo de lucro, loitamos pola autoorganización da sociedade, atopando xuntos solucións de calidade e progreso aos problemas colectivos. Son entidades pegadas ao territorio e polo tanto coñecedoras da problemática que acotío ocorre nos barrios, iso quere dicir que defendemos a calidade de vida das veciñas/os nos barrios e para iso loitamos e reivindicamos.

Son como unha escola permanente de democracia na que se formaron moitos dirixentes políticos que saltan cara a tarefas representativas nas institucións.


Aínda que é un traballo pouco recoñecido e escasamente agradecido polas administracións, é gratificante para os dirixentes o acadar as metas propostas, despois de tanto esforzo e perdendo moitas horas do seu tempo, xa que na maioría dos casos os recursos (sobre todo económicos) son moi escasos.

É sempre motivo de orgullo para os veciños dunha parroquia o poder celebrar vinte e cinco anos de movemento veciñal organizado. A Asociación de Veciños O Castro de Chandebrito foi fundada o 8 de xuño de 1980, co principal obxectivo de defender os intereses dos veciños; os primeiros asuntos a resolver: reparar a antiga casa – escola de primaria da parroquia (algo que acadarían no 1984) e dispoñer dun local social axeitado para reunirse.


Aquel día xuntáronse máis de 40 veciños na Casa das Novenas, no Torreiro vello da festa (xa que aínda non se construíra o actual local social das Laxes –no 1982 solicitan ao Concello un local na antiga escola–) e elixiron unha Comisión Xestora formada por 15 veciños para elaborar os Estatutos. (No 1977 fúndase a A.VV. “Galiñeiro” de Vincios e no 1979 a A.VV. “Camoesa” de Camos).

Algúns daqueles veciños que decidiron organizar o movemento veciñal da parroquia na que moitos deles naceron e se criaron son agora avós dende hai uns cantos anos. O 5 de agosto de 1980 o gobernador civil de Pontevedra comunicalles o acordo de inscrición da Asociación no Rexistro.

Foi nos anos 1980 e 1981 cando os veciños comezaron a construír o local social por baixo do Outeiro das Laxes, o Torreiro das festas (na planta baixa alber-



À esquerda, a Casa das Novenas, que foi o primeiro local social. Ao fondo está o Castro.




Acta fundacional da A.VV. solicitando a súa inscrición e resolución da inscrición polo Goberno Civil.

garía a cantina, no 1º piso o local para as reunións, cursos etc. e o 2º piso destinaríase dende entón a palco para as actuacións dos grupos musicais) (Faro de Vigo, 4/05/1980).

O 4/01/81 a Asemblea Xeral elixe a primeira Directiva (que asinan a acta): Secundino Rodríguez Figueroa (presidente), Luciano Iglesias Costas (vicepte.), Divino S. Rial (secretario), Guillermo Pérez Iglesias (vicesecretario), Eladio Rodríguez López (tesoureiro), José Nandín Pérez, José Pérez Misa, Manuel Prado Rodríguez e Manuel González “Martín” (vocais de barrio). Nesa mesma Asemblea tamén se nomea a comisión de montes, que queda integrada por Manuel González, Celso Rial e José Pérez (a Comunidade de Montes veciñais da parroquia non se crearía ata o 16/12/83).

O 17/01/81 os veciños deciden solicitar ao Concello a reparación da antiga casa escola (que é centro educativo dende 1922 e dende os anos sesenta estaba en estado ruinoso). Os veciños considerábanla “necesidade imprescindible”. Ese día tamén

acordan solicitar o asfaltado dos camiños de Igrexa, Tomadas e Rozadas e o ensanche do camiño de Igrexa a Pracíns. Catro meses despois, acordan entrar na Coordinadora de AA.VV. de Nigrán e volver a insistir no asunto da reparación da escola. (1/08/79, Faro de Vigo publicaba unhas declaracións do alcalde, que entre outras facía referencia á necesidade de ter aulas de preescolar en Chandebrito).



A escola de preescolar (antiga-casa escola de primaria) foi rehabilitada polos veciños.

O 17/06/81 a directiva decide asinar o deslinde de montes acordado coa parroquia de Camos. Nese mesmo ano acordan comunicarlle a Fenosa as deficiencias sufridas no subministro eléctrico en Rozadas e Pracíns e comprar varios tubos e tableiros de anuncios. A finais dese ano deciden instalar o parque infantil doado polo Concello no terreo da escola.

En xaneiro de 1981 danse de alta 63 socios (tendo a parroquia nese momento 437 hab. –dos cales son veciños uns 130–) chegando a ser 72 no 1981. Naquel primeiro ano o orzamento de que dispuña (81.600 ptas.), aportado integramente polos socios, era absolutamente escaso para as principais necesidades dos veciños, polo que era todo un mérito para os seus dirixentes o poder sacar adiante obras e servizos para a comunidade.

O 11/02/82 elíxese nova directiva e dende esta data será presidente da A.VV. Luciano Iglesias.

O 24/06/83 a Asemblea decide conceder o material necesario para a reparación do Camiño de Pracíns ata a casa de Secundino Rodríguez. Tamén se acorda enviar ao Concello unha lista dos temas máis urxentes (ademais do mencionado, o asfaltado da estrada a Igrexa e Tomadas e o ensanche da estrada dende Pracíns ata Coruxo). (No Faro de Vigo de 29/4/86 anúnciase a próxima contratación de obras de ensanche dos camiños de Rozadas e da Igrexa).

O 30/03/84 acórdase conceder á Comisión de Festas os materiais precisos para revestir o novo local social no interior. Tamén se fala de pedir presuposto para construír un campo de fútbol no Pozo de Rapadouro. Ademais comunicaselle aos socios a solicitude da Xunta de 4 ou 5 Ha. de terreo para construír unha nave industrial (opinando que o sitio ideal sería as Chans de Rapadouro).

O 25/07/84 decídese rematar a rehabilitación do Colexio, que logo de case vinte anos de abandono comezaría a funcionar de novo dous meses despois como centro de preescolar. O 31/10/84 acórdase a cesión de parcela para Grupo Escolar e Hospital nas Chans de Rapadouro, e canalizar o manantial ata a Presa de Lapela. Os acordos máis destacados nos anos seguintes foron, en 1985, a construción das escaleiras para acceder ao novo recinto de festas nas Laxes, a adxudicación de traballos de albanelería na escola (o 8 de marzo de 1987) e no 88 a decisión de pagar material para o tellado da Casa das Novenas e mercar unha equipaxe de fútbol.

A acta da Asemblea do 2 de abril de 1989 confirma a debilidade sufrida neses anos pola Asociación, xa que aproba “que esta sexa rexida en conxunto coa Comunidade de Montes”.

O 01/04/90 os socios deciden convocar ós veciños que non teñen nichos no cemiterio para debater o problema do novo cemiterio e buscar unha solución. Tamén acordan solicitar da Deputación unha axuda para canalizar o rego de auga en Lapela. Dous días despois, a directiva aproba presentar solicitude ao Concello de 15 puntos de luz para a estrada de Pracíns e de 5 para as Rozadas (algo que voltarían a pedir un ano despois).

O 15/10/90 acorda solicitar de novo ao Concello a limpeza de foxos e a reparación de estradas de toda a parroquia (cinco meses despois deciden reiterar esa petición). No ano seguinte acordan dirixirse á Deputación para pedir o arranxo da estrada de Pracíns.

O 29/06/91 celébrase unha reunión na que se aproba “dimitir voluntariamente de la directiva de la A.VV. por llevar ya demasiado tiempo y no haber quien cobre los recibos. Se convoca una Asamblea General para el día 14/07/91, e informar a los vecinos del estado de cuentas y de la decisión tomada para cambiar la directiva, si hay voluntarios, de lo contrario quedará suspendida provisionalmente la A.VV.”. Efectivamente, o 14 de xullo de 1991, o secretario, Lisardo Gómez, asina a acta que di “En Asamblea extraordinaria celebrada en el día de hoy, se acordó por mayoría de los presentes anular provisionalmente la A.VV. “O Castro” de Chandebrito, por no haber ningún candidato que fomara la directiva para continuar con la A.VV. Por tal motivo queda anulada tal Asociación a partir de esta fecha. Los fondos que hay en la Caja de Ahorros de Vigo en Nigrán quedan en la cuenta para pagar la luz del Torreiro a sus correspondientes vecimientos, hasta que se tome otra decisión, pasa su inversión en beneficio común de los vecinos”.

A partir de entón a actividade propia da Asociación é asumida en exclusiva pola Comunidade de Montes, que nese intre conta na súa Xunta Rectora con destacados membros do movemento veciñal da parroquia (Secundino Rodríguez, Luciano Iglesias, Celso Rial...).

Vai ser no ano 2001, dez anos despois de suspender as súas actividades, cando, a raíz das denuncias por supostas infraccións urbanísticas de varios veciños, se decida poñer outra vez en funcionamento a A.VV. (La Voz de Galicia, 26/06/02). O 13/04/01 convócase a primeira reunión de veciños no local das Laxes, á que asisten uns 80. Este vai ser o paso previo á reactivación do colectivo veciñal. Nesa reunión trátase o tema das obras denunciadas, por carecer de licencia, por parte dunha veciña que acababa de chegar á parroquia; elíxese a catro veciños afectados para dialogar coa denunciante. Dous meses despois acórdase contratar os

servizos dun avogado. O 22/06/01 deciden constituír unha Comisión Xestora provisional que tería como principal obxectivo tomar as medidas necesarias para tratar de solucionar o problema que se lles aveciñaba polas infraccións urbanísticas. Unha semana despois o alcalde informa aos veciños do estado do Avance do Plan Xeral de Urbanismo.

Probablemente, a reunión máis concorrida na historia da parroquia vai ser a do 5/07/01, á que asisten preto de 100 veciños, e na que se fala da manifestación do pobo en contra de diversas accións da denunciante que tiveran lugar nos días anteriores.

O 22 de xullo de 2001 acórdase a reanudación de actividades da A.VV. e elíxese unha directiva que comezaría a funcionar plenamente o 9 de decembro (segundo se desprende da acta tratáronse varios temas, facendo fincapé no Avance do PXOU que vai presentar o Concello de Nigrán “siendo obligación conocerlo y estudiarlo y si es necesario, presentar las alegaciones correspondientes siempre que no se adapte a las necesidades de los vecinos”. Tamén se fala da posibilidade de abrir novos viais que faciliten a creación de maior solo urbanizable.

Ademais de tratar de resolver ou minimizar os efectos que poderían causar as denuncias urbanísticas (creando unha Comisión de afectados, promovendo a alta de vivendas no Catastro etc.) e participar na supervisión e elaboración do proxecto do PXOU, uns dos principais temas polos que se loitou e polos que se loita na actualidade é a demanda das obras da rede de sumidoiros, inexistente en toda a parroquia, e a apertura e mellora de certos camiños, dúas ferramentas necesarias para que o Plan Urbanístico beneficie aos veciños de forma óptima.

Dende un primeiro momento contouse coa valiosa colaboración da Comunidade de Montes de Chandebrito, que aportou á A.VV. bastantes medios económicos e grazas á cal se puideron levar a cabo moitos proxectos. Na Asemblea do 20/12/01 explícaselles aos socios a situación do Avance do PXOU, establécese unha cuota anual ós mesmos e dase conta da nova directiva elixida na última xuntanza.

A alta de socios resulta ser todo un éxito, xa que entre o 12 de xaneiro e o 1 de marzo do 2002 se inscriben 137, número que aumentaría a 149 a finais dese ano e ata 161 a finais do 2003 (similar ao número de cabezas de familia). O 1/03/02 infórmase da elección dun novo presidente: Helder Fialho Canelas. Ademais apróbase a contratación de traballos para dar de alta as vivendas no Catastro.

O 22/06/02 acórdase a adhesión á Federación de AA.VV. do Val Miñor e á ADR da Mancomunidade de Vigo, e por primeira vez ofértanse diversos cursos (gaita, artes marciais, coro...) (nos anos seguintes crearíanse un grupo de gaitas e un coro ademais de ofrecer clases de fútbol, aeróbic e baile) (Atlántico, 30/04/03). Na mesma asemblea proponse solicitar a concesión da Rectoral, pedir axudas para restaurala e adicala a Centro Cultural. Ademais apróbanse varias modificacións nos Estatutos quedando adaptados á lei 1/2002 (pasando a ter carácter de Asociación veciñal, cultural e deportiva –optando así ás subvencións para actividades culturais–; recollendo a posibilidade de admitir como socios a veciños doutras parroquias; contemplando como beneficiarios –ademais dos socios– aos seus cónxuxes e fillos; etc.). Por último lense as alegacións ao Avance do PXOU.

O 17/09/02 a directiva mantén unha reunión con membros do PSOE de Nigrán, na que se lles recalca a necesidade de levar a cabo un PXOU que contemple a rea-

lidade urbanística da parroquia e a urxencia das obras de saneamento, a creación dun parque infantil etc. É nese momento cando se comeza a adquirir o equipamento necesario para o local (arquivador, corticeiras, caixa de correos, taboleiros de anuncios...) e ademais a instalación dunha oficina informatizada.

O 11/10/02 acórdase a participación da A.VV. no “Foro de Medioambiente” do Concello de Nigrán (onde estarán representados todos os sectores implicados no medioambiente). O 25/10/02 o presidente delega por primeira vez diversas áreas nos vocais da directiva (medioambiente, vías e obras, urbanismo, cultura, deporte...). Dous días despois mantense unha reunión co alcalde, Manuel Rial, centrada en asuntos urbanísticos.

O primeiro acto cultural organizado pola Asociación tivo lugar o 1 de decembro de 2002, un concerto da prestixiosa banda de gaitas Xarabal de Vigo e unha exposición de instrumentos musicais tradicionais.

O 22/02/03 acórdase solicitar unha subvención á Xunta para restaurar as fontes e lavadoiros das Laxes e de Rapadouro, e tras aprobadas as axudas da Xunta e da Comunidade de Montes, adxudícanse as obras o 31/01/04, executándose tres meses despois, cun custo final duns 6.000 €.

O 13/02/03 inscribíase a modificación dos Estatutos na Xunta. Tras a modificación no Rexistro de Asociacións do Concello, solicítase por primeira vez a subvención municipal para actividades culturais, asinando o convenio o 13 de marzo. (Atlántico, 27/03/03).

En abril do 2003 comezan os cursos de gaita e percusión, dirixidos maxistralmente polo mestre de gaita da parroquia Secundino Pérez Sanromán.

Na reunión mantida o 22/03/03, ademais de diversos asuntos urbanísticos, fálanse de ir ao Pleno do 28 de marzo para manifestarse e reclamar a construción da rede de sumidoiros e pedir unha solución definitiva ao problema das vivendas denunciadas. (LVG, 30/03/03). O 26 de abril infórmase de diversas obras e servizos solicitados ao Concello (limpeza e asfaltado de varios trozos de estradas, melloras na escola e solicitude de ampliación do servizo de transporte).

A proximidade das eleccións municipais do 25 de maio de 2003 fan que a actividade da directiva aumente de forma considerable. Así, o 17 de maio ten lugar un debate entre os candidatos á alcaldía de Nigrán no que tratan os principais problemas da parroquia.



Ao día seguinte realízase unha Asemblea Xeral na que se dá conformidade ás xestións da Directiva mencionadas, así como ao estudo para unificar as traídas de augas e á recollida de sinaturas para solicitar novamente a construción dunha rede de sumidoiros (a final do 2004 os xornais comezan a informar de que se investirán 900.000 € no ano 2005). Nesta mesma Asemblea pídesse tamén xestionar a mellora da vivenda dunha familia necesitada da parroquia, algo ao que rapidamente se puxo mans á obra, conseguindo do Concello o compromiso de arranxala e mentres tanto axudar ós gastos polo aluguer dunha vivenda onde vivir dita familia.

O 29 de xuño de 2003 celébranse as eleccións da directiva, nas que sae elixida co 90% dos votos a candidatura presentada, formada por varios membros da anterior: Helder Fialho, Antonio Fontán, Carlos Gómez, Raúl Otero, Palmira Costas... O 29 de maio de 2005 terán lugar as seguintes eleccións á Xunta Directiva.

Entre as preocupacións constantes por mellorar a calidade de vida dos veciños estiveron a de querer mellorar o servizo telefónico nas Rozadas, achegar o Vitrasa de Fragoselo á parroquia, un mellor subministro de electricidade, o control da calidade das augas das fontes etc., polo que se fixeron peticións en todos eses eidos. No último caso mencionado elaboráronse planos coa localización das fontes e solicitouse ao Concello en diversas ocasións que se analizasen periodicamente. Ademais, a principios do 2004 acórdase solicitarlle a limpeza e rehabilitación de varias fontes, concluíndo eses traballos a finais dese ano.

A primeira reunión mantida co novo goberno municipal ten lugar o 18/08/03 a través da Concelleira de Relacións Veciñais, Ana Rial, na que se recollen as principais demandas: melloras na escola, protección do Castro, recuperación do sendeiro dos Matos, creación dun parque infantil, control das augas, iluminación do campo de fútbol, construción dun Centro Cultural etc.

A primeira festa gastronómica organizada pola A.VV. celébrase o 30 de agosto de 2003, tendo como produto estrela o chourizo. Nesa festa actúan dous grupos de música tradicional e réndese unha homenaxe ós colaboradores e ó veciño máis vello da parroquia. (Faro, 29/08 e 03/09/03). En outubro de 2003 dan comezo as clases de coro, no que chegan a participar ata 30 veciños, coa fin de constituírse un grupo musical. Outras actuacións culturais realizadas nese ano foron o II Magosto popular e o I Certame Literario e de Debuxo (o 22 de novembro ten lugar a entrega de premios).



Carteis da I Festa do Chourizo e do I Certame Literario e de Debuxo.

Tras a dimisión do presidente, Helder Fialho, designase o 1 de novembro ao vocal Víctor Vidal para substituílo ata as vindeiras eleccións. Dúas semanas máis tarde mantense unha reunión con dous concelleiros, na que se comprometen a pedir a potenciación do Rexistro Municipal de Asociacións e da necesidade de dotación de equipamentos no PXOU. Nesta mesma xuntanza dáse conta da información da Concellería de Urbanismo relativa a que o Plan Xeral poderá legalizar o 85% das infraccións na parroquia.

Un dos obxectivos dos dirixentes da A.VV. foi sempre o de tratar os asuntos coa máxima transparencia posible, informando aos veciños das liñas de actuación, polo que a finais do 2003 colócanse taboleiros de anuncios nos lugares máis axeitados.

Outra das principais loitas foi tratar de aglutinar ás diferentes AA.VV. de Nigrán e do Val Miñor nun proxecto común (ademais de asistir dende o principio ás Asembleas da Confederación Galega-CoGAVE-). O principal intento tivo lugar o 13/12/03, sen moito éxito. Vai ser o 30/10/04 cando se aproba a primeira medida: propoñer ás AA.VV. do municipio unha solicitude conxunta ao Concello para que este destine 40.000 € para subvencionar os gastos destas. Celébranse dúas reunións entre estas a finais do 2004 e outras tantas coa concelleira de Participación Veciñal, que acolle ben a petición. As reunións pretenden ser un paso previo á creación dunha Coordinadora de AA.VV. de Nigrán, xa que é o momento crucial para isto debido á próxima presentación do PXOU, documento de moita importancia e que vai afectar a todas as parroquias (Faro, 10/12, 12/12 e 15/12/04). Vóltanse a retomar as xuntanzas entre os representantes destas AA.VV. poucos meses despois, aínda que polo momento son esporádicas e sen chegar a máis acordos concretos (por parte da A.VV. de Chandebrito acórdase solicitarlles a adhesión a certas propostas para a mellora dos servizos administrativos municipais, solicitar información do Avance do Plan Urbanístico etc.).

O 19/12/03 chégase a un acordo coa Xunta Rectora da Comunidade de Montes para que esta destine unha axuda anual de 2.000 € para gastos de funcionamento da Asociación, algo que se ratificaría en breve nas Asembleas de cada colectivo. Días despois celébrase unha Asemblea Xeral na que se aproban diversas actividades para o 2004, así como o orzamento para ese ano, de 27.154 €. (Faro de Vigo, 30/06/04).

Un mes máis tarde adxudícase a obra de Mellora da Fonte das Laxes e acórdase solicitar subvencións para a Mellora da fachada do local social (adxudicada o 4/10/04 en case 14.000 €), acadando unha parte de varias administracións e outra da Comunidade de Montes.

En febreiro dese ano dimiten o vicepresidente e a tesoureira, que son substituídos por outros directivos (quedando 6 dos 14 elixidos en Asemblea). Nese mesmo mes acórdase publicar a oferta dun curso de Bailes de salón, infórmase de que se volveu a pedir ao Concello a realización de obras de mellora en diversas estradas ademais das solicitudes presentadas para a mellora do subministro eléctrico; tamén se acorda solicitar ós veciños afectados os seus datos para enviar a Fenosa (conseguindo que en ano e medio invistisen uns 58.000 € (Faro, 2/04/05). Tamén se acorda solicitar axudas para equipos informáticos, para o asfaltado do camiño do Cochiño, para a mellora da Fonte das Laxes e para a vixilancia e recuperación do Castro.

O 13/03/04 acórdase facer un seguimento de varias solicitudes presentadas ao Concello (mellora do transporte público, protección do Castro e o control da velocidade nas principais rúas). Tamén se fala de solicitarlle a sinatura dun convenio para percepción de axudas para realizar pequenas obras. A finais de abril acórdase solicitar a subvención municipal para actividades culturais e outra para material deportivo (xa que se comezaron a impartir clases de fútbol aos cativos).


En xuño dese ano iniciase a recompilación de fotos antigas, que se prolongará durante case un ano, xa que se presenta o 4/06/2005, tras un duro traballo de clasificación de 170 imaxes seleccionadas e de investigación da historia que conteñen co fin de elaborar os textos. (Faro, 25/07/04). A primeira actuación teatral organizada pola Asociación ten lugar o 11 de xullo de 2004, que resultou ser un dos actos máis exitosos de todos cantos promoveu.

Outro dos obxectivos que a A.VV. considerou primordial dende o principio foi a recuperación das fontes de auga, quedando patente cando en xullo dese ano se adxudica a obra de Mellora da Fonte Darriba de Pracíns (Faro de Vigo, 30/06/04).

O 14/08/04 desenvólvese a II Festa do Chourizo, que introduce varias novidades: concurso gastronómico, actuación dun mago, xogos para os cativos... (Faro, 13 e 15/08/04).

Un dos asuntos que tamén se demandou da Administración Municipal foi a mellora do servizo de recollida do lixo, pedindo colectores para pilas, a instalación de puntos de reciclaxe, asegurar os colectores con bases e soportes, a recollida de residuos voluminosos polo monte.

A mediados do 2004 vólvese a ter información sobre o proxecto dun campo de golf, polo que se piden informes sobre o impacto medioambiental, social etc. e mantéñense algunhas reunións co goberno municipal, que se fan constantes a principios de 2005, xa que un campo de golf nos montes de Priegue, Camos e Chandebrito é un tema demasiado delicado, tendo en conta que todos os informes son desfavorables á súa instalación nese lugar (hai ducias de rochas con gravados e muíños rupestres, estacións prehistóricas con forte actividade humana hai miles de anos, manantiais de auga que abastecen as vivendas de Camos, soutos e carballeiras e, en xeral, unha flora e fauna únicas. (Faro, 7/03, 8/03, 29/07, 15/08, 20/08, 21/08, 30/10 e 03/11/89; Atlántico, 14/12/03; LVG, 2/05, 10/07 e 14/12/04; e Faro, 26/02/04 e 20/03/05).



A ALBA DO CASTRO DE CHANDEBRITO
 25 de setembro, 1944, 1944-1945, 4 de outubro de 1944
 "Nada Noivo"

I Semana Cultural de Chandebrito, 04

Sábado, día 4 do Nadal:
 16:30 hrs: Entrega de Premios II Concurso Literario, de Conto, Poesía, Cómico, Debuxo e Murais de Chandebrito.

Domingo, día 5 do Nadal:
 17:00 hrs: Actuación Grupo de Libros Arrerío do A.VV. de Freixo, con obra "Os Tres Escuros".
 18:30 hrs: Actuación do Grupo de Flax Back Operación Carancho do A.VV. de Freixo.

Luns, día 6 do Nadal:
 19:30 hrs: Actuación do Grupo Teatral Avento co obra "E Agora que facemos".

Martes, día 7 do Nadal:
 18:00 hrs.: Cine

Mércores, día 8 do Nadal:
 14:00 hrs.: Inauguración do Merandeiro das Chásas de Riancho.

Outros días do Nadal:
 18:00 hrs.: Conleccións de libros de Xosé Luis Vilar e do B.V.V. de Chandebrito, na biblioteca municipal de Chandebrito.

Anuncio da I Semana Cultural (2004) e nota de prensa da presentación do libro *Chandebrito, lembrando imaxes do pasado*.



18 VAL MIÑOR Faro de Vigo
 Domingo, 25 de xaneiro de 2004

IMAXES PARA A LEMBRANZA EN NIGRAN

O álbum de Chandebrito

A Asociación de Veciños O Castro prepara un libro de fotografías antigas da parroquia

Rafael Iglesias redacta

A prensa respira, in-finitum non, de novo. Os veciños de Nigrán están de novo a vivir unha época que se recolle en melloras edicións de libros. En cada edición, a Asociación de Veciños O Castro prepara un libro de fotografías antigas, sobre o pasado da parroquia. Este libro recorre a historia da parroquia de Nigrán, desde o século XVIII ata o século XX. É un libro que recorre a historia da parroquia de Nigrán, desde o século XVIII ata o século XX. É un libro que recorre a historia da parroquia de Nigrán, desde o século XVIII ata o século XX.

De director de asociación emiten as fotografías. I, 1904

Foto: Carlos Pérez, Daniel Morán, Carlos Rial e Emilio Bozelo.

Voltando ao aspecto cultural, cabe destacar a realización da I Semana Cultural do 4 ao 11 do nadal (na que ademais de colaborar na inauguración da área de lecer das Chans de Rapadoiro, fanse entrega dos premios do II Certame Literario, teatro e unha conferencia sobre o patrimonio histórico de Chandebrito) (Faro, 3, 9, 10 e 11/12/04). Na Semana Santa do 2005 volven ter lugar diversos actos: o VIII Torneo de futbito entre barrios, unha visita guiada e o I Torneo de Tute (Faro, 22/03).

O 24/02/05 acórdase solicitar unha subvención para equipos informáticos e outra para a mellora das instalacións eléctricas no local social. Ademais volverase a insistir na mellora do Castro. O 14/03/05 adóptase o acordo de solicitar unha axuda á Xunta para a recuperación do camiño etnográfico dos Matos, un ambicioso proxecto para un dos camiños con máis historia entre os veciños por ser o que empregaban estes para ir á vella igrexa de Camos durante centos de anos e ata finais do s. XVIII. A restos de marzo acórdase solicitar axudas para o III Certame Literario, equipamentos no campo de fútbol e tamén solicitar á Xunta a integración dos Montes de Sanomedio no Parque de Arte Rupestre de Galicia e a creación dun Parque Arqueolóxico, algo que nas vindeiras datas se concretará nunha reunión cos responsables do departamento correspondente.

O 3 de abril de 2005 ten lugar unha Asemblea Xeral na que se dá conta das memorias do ano anterior, no que o gasto ascendeu a 22.851 € e os ingresos a 20.341 €. Ademais infórmase das xestións relativas ao Avance do PXOU. Na mesma xuntanza un grupo de veciños pide o apoio da Asociación para pedir que os nenos non teñan que ir ao Colexio de Camos, e que continúen no Colexio de Coruxo.

En fin, toda unha multitude de demandas ás Administracións Públicas para a realización ou mellora de obras e servizos, organización de actos culturais, cursos, mediación entre veciños para a solución de problemas diversos, contactos con diferentes entidades públicas e privadas etc., que só se producen grazas ás persoas que con tesón perderon moito do seu tempo libre en beneficio dos intereses comúns dos veciños.

Estes foron os membros da directiva da A.VV. de Chandebrito dende a súa fundación: (por esta orde: presidente, vicepresidente, secretario, vicesecretario e tesoureiro –primeira liña– e vocais dos barrios de Tomadas, de Igrexa, de Pracíns e das Rozadas –segunda liña–).

- 1980: (Comisión Xestora): Luciano Iglesias, Secundino Rguez., Divino Rial, Juan Otero e Julio Rodríguez.
Manuel Gómez, Eulogio Otero, Celso Rial (membros que asinan os Estatutos).
- 1981: Secundino Rodríguez, Luciano Iglesias, Divino S. Rial, Guillermo Pérez e Eladio Rodríguez.
Vocais: José Pérez M., José Nandín, Celso Rial e Manuel Glez. "Martín".
- 1982/1983: Luciano Iglesias, José Fernández, Divino Rial, Manuel Iglesias e Eladio Rodríguez.
Vocais: Benjamín Rodríguez, José Nandín, Enrique Domínguez e Manuel González.

- 1984: Luciano Iglesias, Divino Rial, Manuel Iglesias e Benjamín Rodríguez.
Vocais: Victorio Otero, José Davila, Celso Rial e Manuel González.
- 1985: Luciano Iglesias, Manuel Iglesias, David Salgueiro e Benjamín Rodríguez.
Vocais: Juan Otero, José Davila, Celso Rial e Manuel González.
- 1986/1989: Luciano Iglesias, Eduardo Alonso, Lisardo Gómez, e Benjamín Rodríguez.
Vocais: Juan Otero, José Davila, Enrique Domínguez e Manuel González.
- 1990/1991: Luciano Iglesias, Lisardo Gómez, Eduardo Alonso e Benjamín Rodríguez.
Juan Otero, José Davila, Enrique Domínguez e Manuel González.
- 2001/2003: Helder Fialho, Luciano Iglesias, Carme Alonso, Julio Pérez e Palmira Costas.
Antonio Fdez. Pérez, Antonio Fontán e José Iglesias Roade, Miguel Rodríguez, Cándido Martínez e Belén Fernández.
Tamén saen elixidos polo lugar das Laxes: Raúl Otero e Carlos Gómez.
- 2003/2005: Helder Fialho, Antonio Fontán, Carlos Gómez, Raúl Otero e Palmira Costas.
Víctor Vidal e Carlos Pérez, Rafael Iglesias e Emilio Davila, Carme Rial, Beatriz Pérez e Rafael Fdez. Tamén saen elixidas dúas vocais do lugar das Laxes: Beatriz Fernández e Laura Rial.

Dende aquí quero recoñecer e render homenaxe ao traballo incansable dos veciños de Chandebrito por facer progresar a súa parroquia, xa que non recibiu practicamente ningunha axuda das administracións públicas e tiveron que facer eles mesmos os camiños, as traídas de augas, o local social, o arranxo da escola (propiedade do Concello), as fontes e lavadoiros, as marquesiñas etc.; e no apartado cultural tamén todas as festas celebradas, sen máis axuda que a da boa cooperación dos propios veciños.

